

DELEGACIÓN

ENTREGA DOS PREMIOS DO CONCURSO

A SALA DE ARQUITECTURA DO COAG-CORUÑA ACOLLE A ENTREGA DOS PREMIOS DO CONCURSO DE IDEAS PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE FORMACIÓN DE LÍDERES PARA ENCABEZAR O DESENVOLVEMENTO SOCIAL E ECONÓMICO DE NICARAGUA

10 de febreiro de 2010 por Carmina Escrigas

A Sala de Arquitectura do COAG-Coruña acollerá mañá mércores, 10 de febreiro, ás 17.30 horas, a entrega dos premios aos gañadores do Concurso de Ideas para a construción do Instituto de Liderazgo de Las Segovias en Monzonte (Nicaragua), organizado en colaboración coa ONG dese país Fundación para a promoción e desenvolvemento das mulleres e a nenez (Fundemuni), a ONG Solidariedade Galega e a delegación coruñesa do Colexio de Arquitectos.

O concurso ten como obxectivo seleccionar ao autor do proxecto técnico para a construción do edificio e a urbanización do seu contorno, así como a codirección das obras xunto con algún arquitecto da zona. O Instituto de Liderazgo constituirase nun Centro de Formación Universitaria de Ciencias Sociais Político Económicas e Humanidades, que ten como obxectivo a promoción dun liderado transformador e eficaz que permita ao país saír da pobreza e ser construtor do seu propio desenvolvemento.

Con respecto ao concurso, o xurado formado polo presidente do COAG-Coruña, Manuel de la Iglesia, membros da entidade colexial e representantes das ONGs, outorgou o primeiro premio ao proxecto de Salomé Fernández Liste e Eloy Cambón García, ao considerar que a súa proposta é de gran calidade arquitectónica e sensibilidade na implantación no territorio, revelando unha reflexión sutil respecto ao crecemento e fácil adaptación ao desenvolvemento en fases, a economía dos medios cos que acada unha alta expresividade do conxunto apoiándose na flexibilidade e a sinxeleza das solucións fronte ao clima, ventilación e sustentabilidade da edificación. Este premio está dotado con 4.000 euros e o encargo para a realización do proxecto. En canto ao segundo premio, dotado con 2.500 euros, foi outorgado ao proxecto de Jordi Mansilla Ortoneda, destacando o xurado a intelixente ocupación do territorio e a calidade dos espazos de relación. O terceiro premio, dotado con 1.500 euros, recaeu na proposta de José Manuel Castro Pico e Pablo García Álvarez, na que se valora o esquema sinxelo, claro e a economía de medios.

Tanto os membros do xurado como os gañadores dos dous primeiros premios, así como o representante da Fundación Fundemuni, Hayde Castillo, estarán presentes no acto que se desenvolverá mañá.

Fundemuni é unha ONG comprometida cos dereitos humanos das mulleres e a nenez, realizando accións de prevención da violencia mediante iniciativas locais que promocionan e defenden os dereitos das mulleres, a capacitación de persoas que interveñen na atención a vítimas da violencia, na educación e nos procesos de transformación da nenez e adolescencia.

Solidariedade Galega é unha ONG que ten como obxectivos prestar asistencia sanitaria e social a persoas desfavorecidas en países en vías de desenvolvemento, e colabora na formación de profesionais no campo da sanidade, a educación e outros campos sociais que afectan ao desenvolvemento da persoa.

DELEGACIÓN

Fallo do concurso de Nicaragua

A sala de Arquitectura acolleu a entrega dos premios do concurso en Nicaragua

11 de febreiro de 2010 por Carmina Escrigas

O COAG-CORUÑA COLABORA NO PROXECTO PARA CONSTRUIR UN CENTRO DE FORMACIÓN PARA ENCABEZAR O DESENVOLVEMENTO SOCIAL E ECONÓMICO DUNHA DAS ZONAS MÁIS DEPRIMIDAS DE NICARAGUA

A sala de Arquitectura acolleu hoxe a entrega dos premios do concurso de ideas para o deseño do Instituto de Liderazgo de Las Segovias, en colaboración coa Fundación para a promoción do desenvolvemento das mulleres e a nenez (Fundemuni) e as ONG Solidariedade Galega e Ayuda en Acción

A Coruña, 10 de febreiro de 2010.- A Sala de Arquitectura do COAG-Coruña acolleu hoxe a entrega dos premios aos gañadores do Concurso de Ideas para a construción do Instituto de Liderazgo de Las Segovias en Mozonte (Nicaragua), organizado en colaboración coa ONG dese país Fundación para a promoción e desenvolvemento das mulleres e a nenez (Fundemuni), as ONG Solidariedade Galega e Ayuda en Acción e a delegación coruñesa do Colexio de Arquitectos.

O concurso ten como obxectivo seleccionar ao autor do proxecto técnico para a construción do edificio e a urbanización do seu contorno, así como a codirección das obras xunto con algún arquitecto da zona. O Instituto de Liderazgo constituirase nun Centro de Formación Universitaria de Ciencias Sociais Político Económicas e Humanidades, que ten como obxectivo a promoción dun liderado transformador e eficaz que permita ao país saír da pobreza e ser construtor do seu propio desenvolvemento.

Con respecto ao concurso, o xurado formado polo presidente do COAG-Coruña, Manuel de la Iglesia, membros da entidade colexial e representantes das ONGs, outorgou o primeiro premio ao proxecto de Salomé Fernández Liste e Eloy Cambón García, ao considerar que a súa proposta é de gran calidade arquitectónica e sensibilidade na implantación no territorio, revelando unha reflexión sutil respecto ao crecemento e fácil adaptación ao desenvolvemento en fases, a economía dos medios cos que acada unha alta expresividade do conxunto apoiándose na flexibilidade e a sinxeleza das solucións fronte ao clima, ventilación e sustentabilidade da edificación. Este premio está dotado con 4.000 euros e o encargo para a realización do proxecto. En canto ao segundo premio, dotado con 2.500 euros, foi outorgado ao proxecto de Jordi Mansilla Ortoneda, destacando o xurado a intelixente ocupación do territorio e a calidade dos espazos de relación. O terceiro premio, dotado con 1.500 euros, recaeu na proposta de José Manuel Castro Pico e Pablo García Álvarez, na que se valora o esquema sinxelo, claro e a economía de medios.

Tanto os membros do xurado como os gañadores dos dous primeiros premios, así como o representante da Fundación Fundemuni, Hayde Castillo, estiveron presentes no acto, no que o presidente do COAG-Coruña, Manuel de la Iglesia, amosou a súa satisfacción por poder colaborar nesta iniciativa e aportar o seu apoio ao desenvolvemento de Nicaragua. Pola súa banda, a directora do Instituto de Liderazgo e representante de Fundemuni, Hayde Castillo, indicou que este centro pretende formar “á nosa xente indíxena, campesiña e persoas da ruralidade das Segovias”, demostrándolle así ao mundo que “en realidade non somos pobres, quizais empobrecidos, pero cunha grande capacidade para aportar e promover o desenvolvemento do noso país”. Tamén agradeceu a Manuel de la Iglesia a colaboración do COAG-Coruña, e o seu xesto de solidariedade, que fixo extensiva ás ONGs galegas participantes. Pola súa banda, o representante de Solidariedade Galega, Antón González Arteaga, lembrou que agora queda o reto de levar á práctica a execución do proxecto.

Fundemuni é unha ONG comprometida cos dereitos humanos das mulleres e a nenez, realizando accións de prevención da violencia mediante iniciativas locais que promocionan e defenden os dereitos das mulleres, a capacitación de persoas que interveñen na atención a vítimas da violencia, na educación e nos procesos de transformación da nenez e adolescencia.

Solidariedade Galega é unha ONG que ten como obxectivos prestar asistencia sanitaria e social a persoas desfavorecidas en países en vías de desenvolvemento, e colabora na formación de profesionais no campo da sanidade, a educación e outros campos sociais que afectan ao desenvolvemento da persoa.

